

## MOCIÓN AUDITORÍA

LUÍS REI NUÑEZ, voceiro do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello de Pontevedra, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte PROPOSICIÓN ao abeiro dos artigos 67, 117 e 118 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, instando á Xunta de Goberno a **ELABORAR OS PREGOS TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS DUN CONCURSO PÚBLICO PARA ADXUDICAR NO MÁIS CURTO PRAZO POSIBLE A REALIZACIÓN DUNHA AUDITORÍA EXTERNA DAS CONTAS DO CONCELLO DESDE O ANO 2000 ATA A ACTUALIDADE.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o día 15 de setembro estamos na recta final do caso Veteris, porque nesa data empezou a correr o tempo en que o xulgado do contencioso-administrativo número 3 de Pontevedra debe resolver a execución (solicitada polos demandantes) da sentenza que o 7 de xaneiro de 2013 anulou a concesión demanial outorgada polo concello para a construción e explotación dun aparcadoiro subterráneo no subsolo da rúa Antón Fraguas. Neste caso, execución quere dicir peche do aparcadoiro “Veteris”. De confirmarse, cesarán os danos contra os que preitean os demandantes, e estes poderán cuantificar a indemnización que con total probabilidade solicitarán. Non se pense en menos dun millón de euros, aos que haberá que sumarlle a indemnización que tamén con bastante probabilidade solicitará a seguir a empresa que agora explota esas instalacións. Por tanto, temos aí a ameaza doutros dous desembolsos millonarios para as arcas do concello, e xa sabemos como se resolven adoitado.

O día 8 de outubro, vimos a sinatura dun convenio polo que o concello deberá aboar a Sogama 5.330.575 euros antes de xullo do ano vindeiro; unha cantidade que sae de sumarlle, á totalidade da débeda acumulada entre 2009 e 2014, unha boa parte dos xuros e mais a débeda recoñecida do que vai de 2015. É unha suma tremenda, e o peor de todo é que puido evitarse chegar a ese montante salvaxe se o goberno do concello obrase en consecuencia despois de que en 2008 tivésamos que pagar outros 491.220 euros pola débeda de 2004 e 78.818 euros máis polos xuros que trouxo colgados.

Vese que a obstinación, mesmo a contumacia, é o auténtico sinal de identidade do equipo que ostenta o goberno pontevedrés desde hai dezaseis anos, e boa mostra diso é tamén a súa xestión no terreo de 6.000 metros cadrados “usurpado” de xeito

administrativamente moi deficiente no paseo do río Gafos. Trátase doutra “gran xestión”, iniciada en 2007, e pola que o concello ten que pagar 5.294.874 euros; unha cifra catro veces maior ca a valoración establecida inicialmente polo propio concello (1,3 millóns de euros), e que saíu de sumarlle aos 3.278.61 euros en que á fin foi fixado o valor real da parcela outros 800.000 euros máis da multa e un millón máis de xuros.

A cola para cobrar inclúe desde o 20 de abril deste ano a Consultora Galega, o equipo contratado en 2004 para redactar un PXOM que segue agardando. Cos traballos paralizados polo concello desde 2012, os redactores reclaman 218.000 euros (que saen de sumarlles aos 105.000 por traballos pendentes de cobro, outros 59.000 de lucro cesante e 54.000 por devolución de garantías).

Outra variante da “gran xestión” é unha alegría do gasto que sementa dúbidas sobre as subvencións concedidas á Cámara de Comercio para a realización de catro eventos anuais nos exercicios de 2008, 2009, 2010 e 2011. Asinados os correspondentes convenios despois de celebrados os eventos, está xa meridianamente claro que procede reclamar os cartos entregados para as feiras Ferpalia e Pomóvil deses anos, e a única dúbida é se procede pedir a devolución da totalidade dos cartos (como sinala un informe da Asesoría Xurídica do concello, de 31 de maio de 2012), ou só a parte (como apunta o Consello de Contas na súa Fiscalización dos anos 2010-2011) que excede o cincuenta por cento do gasto final real (do que a dirección da Cámara ocultou as facturas “rectificativas”). Debería chocar, no expediente, o feo costume de levantar os reparos da Intervención do concello á que recorre a alcaldía... se non fose pola profusión con que a alcaldía acode a ese proceder.

No caso da empresa Elsamex van ter ao alcalde e os seus concelleiros a oportunidade de arrepentirse amargamente desa practica. Desoíndo reiteradas veces os reparos de Intervención, decidiron prorrogar o contrato varias anualidades. Ademais, aprobáronlle á empresa facturas tamén informadas negativamente, e agora a Fiscalía trasladou todo iso a un xulgado do que non será ben estraño que partan citacións.

Cómpre, a esta altura, lembrar que o goberno pontevedrés ten o dubidoso privilexio de encabezar a clasificación de concellos que levantan reparos da súa Intervención. No Plan Anual de Traballo do Consello de Contas de 2013 contabilízanse 173 (unha cuarta parte de todos os levantados nos 15 concellos de entre 25.000 e 100.000 habitantes qe hai en Galicia), e na súa Conta Xeral de 2014, os propios servizos técnicos do concello detectan 285 reparos levantados por resolucións da alcaldía ou da xunta de goberno.

No que non poñen tanto empeño é en responder cando se lles piden explicacións. Verbi gratia, cando Marea Pontevedra, ante a viaxe a Dubai, fixo preguntas (xa o 4 de marzo deste ano) tan elementais como as seguintes: ¿Cantas viaxes (billetes de avión, hoteis, axudas de custo...) da ampla comitiva pontevedresa correron por conta do emirato teocrático organizador e cantas saíron das arcas do propio concello? ¿Que custo tiveron as festas programadas na cidade de Pontevedra, incluíndo insercións publicitarias e a produción de vídeos propagandísticos? ¿Que datos tiña o alcalde á súa disposición para afirmar que o retorno do gasto ía ser maior ca o que tería, para o conxunto do país, o vídeo-clip que a Xunta de Galicia contribuíu a financiarlle ao cantante Enrique Iglesias?

Fálase de que a “aventura en Dubai” lle custou ao concello un mínimo de 60.000 euros, que triplica a suma do premio recibido do emir, e a pouca luz que empezamos a recibir non procedeu nunca de quen ten o deber de render contas. Por iso, entre outras cousas, o concello de Pontevedra destaca tamén, ¡ben negativamente!, na clasificación de Transparencia Internacional: no seu informe de 2014, entre 110 concellos de toda España, o noso ocupa o posto 104 da Valoración Global; é dicir, é o sétimo menos transparente.

Ante este cúmulo de xestións manifestamente mellorables, inzada de malas practicas, apuntadas por Transparencia International, ou talvez pouco honorables, o Grupo Municipal de Marea Pontevedra entende necesario acometer un hixiénico exercicio contra a opacidade. Pero entende tamén que a magnitude do traballo podería colapsar os servizos técnicos do propio concello, e por iso presenta ante o pleno do concello a seguinte

### **PROPOSICIÓN**

**Instar á xunta de goberno a elaborar os pregos técnicos e administrativos dun concurso público para adxudicar no máis curto prazo posible a realización dunha Auditoría Externa das contas do concello desde o ano 2000 ata a actualidade.**

Pontevedra, 13 de outubro de 2015

O Portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

Luís Rei Núñez